

FÓISENOS UN SÉCULO DE MEMORIA



Ramiro Isla Couto,
debuxo do seu irmán Xaime.

Penso que a primeira vez que oín o nome de Ramiro Isla Couto foi alá polo ano 1974 cando o Dr. Sixto Seco me chamou para encargarme da secretaría de actas do Patronato "Rosalía de Castro". O meu benquerido Presidente e amigo ó dar-me a lista de persoeiros que eu debía convocar para o acto literario que o Patronato organiza tódolos anos en Padrón, insistiu moito nun nome, Ramiro Isla. Coñecino no mes de xullo na horta da casa de Rosalía baixo unha raxeira que fendía as pedras, deime conta que o era, ó ver un home vedraio e andado en anos, que se apoiaba nun caxato e que pesía a abafante calor ía elegantemente fateado. Pregunteille a alguén se aquel era Ramiro Isla, e ó confirmarmos, botei un bo anaco reparando na vivacidade dos seus ollos e na grande dignidade do seu porte, pero pola lóxica timidez da mocidade non me atrevín a saudalo.

Deberon pasar alomenos dez anos ata que volvemos a coincidir, esta vez no souto do Pazo de D. Ramón Otero Pedrayo, durante a festa do 1º ou do 2º Premio Trasalba, el debiera estar algo enfermo aquela tempada porque recordo perfectamente os comentarios de ledicia que a súa presenza espertaba nos vellos compañeiros; ¡Veu Ramiro! ¡Está aí Ramiro Isla! Aquel día puiden achegarme a el e entablamos unha amistosa conversa, a pesares da moita idade atopeino lúcido e reflexivo, moi firme nas súas conviccións nacionalistas e tremendamente confiado no porvir de Galicia.

Ramiro Isla Couto nacera en Arnois no Concello de A Estrada alá polo ano 1896, sendo moi noviño emigrou a Buenos Aires onde traballou xunto a un seu tío materno e onde estudou na Escola de Comercio. Formou parte da Asociación Cultural "Terra" que era na emigración argentina o trasunto das recentemente creadas Irmandades da Fala. Voltou a Galicia no ano 1917, estivo na guerra de Marrocos, e por aqueles anos tomou contacto en Compostela con Lois Porteiro e no Ferrol con Xaime Quintanilla.

O seu fondo galeguismo lévao a encadrarse naquel ríxido proxecto risquiano da Irmandade Nazionalista Galega, asiste a tódalas Asambleas das Irmandades ata o ano 1923 no que regresa a Buenos Aires.

Nas dúas grandes cidades do Prata, en Buenos Aires e Montevideo artellou Isla sendas delegacións da I.N.G. Nesta época foi o fundador da revista "Terra" a primeira publicación enteira en galego de toda a emigración americana, da que saíron seis números.

Foi un dos impulsores da Sociedade Nazonalista Pondal, e colaborou no seu órgano "A fouce" con varios artigos e con algún gravado en linoleum. Naqueles anos ferveiros participa desde a emigración na Institución Protectora do libro galego, e aporta e recada axudas económicas para o Seminario de Estudos Galegos.

Manuel Antonio o poeta do mar, visitaba nestes anos 20 o porto de Buenos Aires cada tres meses como piloto dunha compañía mercante holandesa, nestas visitas do poeta, un dos seus contertulios era sempre Ramiro Isla, con quen fixo unha fecunda e leal amizade.

A finais de 1931 regresa á Terra e asiste á Asamblea Constitutiva do Partido Galeguista, sendo membro do seu primeiro Consello Nacional en representación dos emigrados.

Ramiro Isla foi un dos motores vitais do P.G. Axudado polo seu traballo que lle esixía viaxar por toda a xeografía galega, converteuse nunha especie de enlace permanente entre tódolos grupos galeguistas, foi home de confianza de Castelao e de Bóveda, cos que compartillou longas viaxes no seu coche, sementando sempre a idea dunha Galicia nova polos camiños da patria.

O ano 1936 colleuno en Verín onde foi detido para ser enviado a Vigo, saíu da cadea e marchou primeiro a Portugal onde axudou a moitos fuxidos do réxime franquista, pasando logo a Francia onde seguiu prestando servizos á República ata a final da guerra civil. En París foi Delegado das Sociedades Hispánicas Confederadas, encargándose personalmente da organización das viaxes de saída para América dos milleiros de galegos que estaban nos campos de concentración franceses.

Despois de pasar por Cuba, asentouse en México, onde con outros galegos —entre eles o cineasta Carlos Velo e o pintor Arturo Souto— fundaron o grupo galeguista "Saudade" e a revista do mesmo nome.

Debido a razóns de traballo percorreu varios países de América como Venezuela ou Colombia, neste último xunto co Dr. Trias en representación de Catalunya e de Abrisqueta por Euzkadi, constituíron unha delegación de Galeuzca.

Xa establecido en Venezuela polos anos 50, entrevistou Ramiro Isla en tódalas actividades de tipo cultural ou político de signo galeguista. Nesta etapa da súa vida 6 carón doutros exiliados e emigrados como Silvio Santiago ou o Dr. Benavides apoia decididamente ós galeguistas do interior.

No ano 1956 regresa definitivamente a Galicia, e vaise integrar dun xeito activo á recuperación cultural, especialmente relacionado coa Fundación Penzol da que foi un dos seus padroeiros e á que fixo importantes aportacións bibliográficas.

Cando no ano 1986 Ramiro Isla recibe a Medalla Castelao declara que "para min o galeguismo é unha relación de irmandade, de tolerancia e de respecto, se a isto lle engadimos a necesaria xenerosidade, teremos resumidas as divisas fundamentais do noso pensamento".

Velaiquí a andadura de Ramiro Isla Couto, el forma parte desa importante lección dos anónimos, deses que sempre estiveron na trincheira da galeguidade nun discreto e modesto segundo plano. Eles foron os verdadeiros chantóns e alicerces que deron vida ó noso nacionalismo.

Cando o pasado cinco de Nadal, a terra pola que tanto loitou acollía o corpo de Ramiro Isla Couto, tódolos que asistimos á derradeira convocatoria deste infatigable loitador, tiñamos unha idea común e magoante, estabamos soterrando a memoria de case un século de amor a Galicia.

LUÍS GONZÁLEZ TOSAR
Vigo